

**PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE  
TÉCNICO/A EN XESTIÓN CULTURAL PARA O CONCELLO DE VEDRA  
(SISTEMA CONCURSO-OPOSICIÓN)**

---

**ACTA DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS  
Á FASE DE CONCURSO**

Sendo as 10:40 horas do día dezaioito de setembro de dous mil dezanove, reúnen no Salón de Actos da Casa do Concello, a Mesa de Selección cualificadora do proceso de selección para a provisión temporal, polo sistema de concurso-oposición, dun posto de técnico/a de xestión cultural para o Concello de Vedra, financiado con cargo ao Programa F0206/2019, da Deputación Provincial da Coruña, formada por:

D. Carlos J. Méndez –Losada Abalo (Presidente)

D<sup>a</sup>. Begoña Beis Gómez (Vogal)

D<sup>a</sup>. Rosario Iglesias Iglesias (Vogal)

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Cruz Vilas Giadanés (Vogal)

D<sup>a</sup>. María Teresa Amenal Junquera (Vogal)

D. José Ramón Chas Bao (Vogal)

D<sup>a</sup>. Mercedes Pereiras Caldelas (Secretaria)

Vistas as alegacións presentadas polas seguintes persoas aspirantes, solicitando a revisión da puntuación outorgada, nos apartados de formación específica e experiencia profesional, na fase de concurso:

Alegación nº 1 de don Iván García García.

Alegación nº 2 de dona Marta Eiriz Gallego.

Revisada a documentación presentada por cada un deles/delas, a Mesa de Selección acorda:

Primeiro.- Desestimar a alegación de don Iván García García e ratificar a puntuación outorgada de 3,00 puntos, polos seguintes motivos :

\*No Anexo V.1 e 2) das bases establécese o seguinte:

*1.- Formación específica superior en xestión cultural, ata 3,00 puntos como máximo:*

*1.1.- Mestrados ou posgraos universitarios, relacionados coa xestión cultural: 1,00 punto por cada un que se acredite.*

*1.2.- Curso universitario de especialización de xestión cultural: 1 punto.*

*2.- Formación específica, ata 1,00 punto como máximo, debidamente acreditada e homologada, relacionada co posto de traballo, impartida polas administracións públicas ou por entidades e organismos autorizados:.....”*

Dentro da apartado 1) valoróuselle o Mestrado de Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario: 1,00 punto, e o Curso universitario de especialización de xestión cultural : 1,00 punto. Total: 2,00 puntos

Non se valora o Curso universitario de técnico en xestión cultural , dado que non se trata dun mestrado ou posgrao, e no apartado de formación específica (apartado 2) xa acadou a puntuación máxima de 1,00 punto.

\*Polo que respecta á reclamación sobre da valoración da súa experiencia profesional , o apartado 3 do Anexo V establece o seguinte:

*“3.-Experiencia organizativa e de planificación no deseño e xestión de proxectos e iniciativas culturais do ámbito público, asociativo ou privado, ata un máximo de 1,00 punto, tendo en conta aquela que garde relación cos campos da igualdade de xénero, o traballo socio-educativo e/ou a dinamización económica, turística e patrimonial do territorio: 0,05 puntos por mes completo traballado.*

*A experiencia profesional deberá xustificarse mediante contratos de traballo e vida laboral (expedida pola Seguridade Social) e/ou certificados de servizos prestados, acreditando sempre a categoría profesional desempeñada e as actuacións levadas a cabo, non computándose os períodos inferiores a un mes”*

O aspirante presenta vida laboral na que figura servizos prestados coa categoría 03, e certificado de servizos prestados no que non figura a categoría profesional, polo que a Mesa de Selección entende que non se pode valorar a experiencia profesional demostrada.

Segundo.- Desestimar a alegación de dona Marta Eiriz Gallego e ratificarse na puntuación outorgada de 0,10 puntos, posto que o Anexo V establece que *“A experiencia profesional deberá xustificarse mediante contratos de traballo e vida laboral (expedida pola Seguridade Social e/ou certificados de servizos prestados, acreditando sempre a categoría profesional desempeñada e as actuacións levadas a cabo, non computándose os períodos inferiores a un mes”* e se ben se lle reconece o currículo e traxectoria profesional, a aspirante non presentou a súa vida laboral e o certificado presentado non acredita a súa categoría.

Polo que respecta ao Máster en Xestión e Producción Audiovisual, á vista do seu contido, a Mesa de Selección entende que non ten relación coa xestión cultural, tal e como se establece no Anexo V.1.1) das bases, polo que non se pode valorar..

A presente acta publícase no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web municipal ([www.concellodevedra.es](http://www.concellodevedra.es))

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:35 horas.